



APDR

Asociación pola defensa da Ría

A RÍA É NOSA E NON DE REGANOSA !

NOTA DE PRENSA

En Pontevedra, a 31 de maio de 2007

A Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra quere expresar a súa solidariedade co **Comité Cidadán de Emerxencia da Ría de Ferrol**, con tódolos/os veciñas/os que están a loitar polos seus dereitos e coas/os mariscadoras/es que están a defender lexitimamente os recursos naturais e marisqueiros da Ría

Na APDR entendemos que o acontecido estes días en Ferrol atenta directamente contra a dignidade das persoas que, democráticamente, se manifestan contra a ubicación ilegal do complexo de Reganosa.

A violencia empregada contra os manifestantes responde á xa demasiadas veces repetida conivencia das autoridades cos intereses duns poucos. É difícil entender a dilixencia coa que a xustiza tomou medidas, certamente desproporcionadas, e a lentitude coa que se levan os polo menos sete contenciosos abertos hoxe en día contra a empresa por incumprimento de diversas normativas estatais e europeas.

Demandamos por isto a posta en liberdade inmediata de **Bernardo Bastida, Patrón Maior da Confraría de Mariscadores da Ría de Ferrol**; esiximos a paralización total da actividade de Reganosa, na medida en que esta carece da pertinente autorización para o funcionamento da planta, así como o traslado da mesma, xa que, na súa actual ubicación, pon en grave perigo a cidadanía e o sector marisqueiro da Ría de Ferrol.

Animamos a tódalas persoas a apoiar a loita dos cidadáns de Ferrol, asistindo á concentración que se ten convocada para o vindeiro domingo 3 de xuño ás 12 horas nas Curruxeiras.

Asinado,

María Peón

Secretaria da APDR